

ANEXO**Prescricións tecnolóxicas necesarias nos portelos únicos empresariais**

Os requisitos técnicos necesarios para que os portelos únicos empresariais poidan levar a cabo os servizos de asesoramento e inicio de tramitación do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas-CIRCE son:

1. Programa facilitador «PACDUE»

O programa PACDUE é o aplicativo necesario para iniciar-lo trámite telemático de creación de empresas. Este programa será distribuído en CD ROM ós portelos únicos empresariais e actualízase mediante descargas na web da Dirección Xeral de Política da PEME (<http://www.circe.es>).

Os requisitos técnicos do ordenador no que se vaia executar deberán se-los seguintes:

Característica	Valor mínimo
Sistema operativo	Microsoft Windows 98 e Windows 2000.
Memoria RAM	Maior ou igual a 128Mb.
Espacio libre no disco duro para o aplicativo e para o almacenamento de datos .	200Mb.
Velocidade do procesador ..	Pentium III ou superior.
Monitor	Resolución 800 x 600 ou superior.
Lector CD ROM	Obrigatorio para primeira instalación.
Software preinstalado	Internet Explorer 6 e Access 97.

2. Requisitos de conexión

Son os seguintes:

Característica	Valor mínimo
Acceso á internet	Permanente 24h: ADSL, RDSI ou RTB.
Velocidade de conexión	56 Kbps.
Software de correo electrónico .	Microsoft Outlook Express.

3. Seguridade

Para os efectos de poder comunicar co sistema de tramitación telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas-CIRCE, mediante sinatura electrónica baseada en sistemas recoñecidos serán válidos os certificados xa expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda que cumpran as seguintes características:

Clase	FNMT Clase 2 CA
Soporte físico do certificado	Software ou tarxeta criptográfica
	<p>* Se o acceso se realiza mediante tarxeta criptográfica é necesario prove-lo ordenador do PUE/PAIT dun lector de tarxetas compatible coa norma PC/SC, e realiza-la instalación dos drivers correspondentes.</p> <p>* Se o acceso non é mediante tarxeta senón que o certificado se ten nun ficheiro, este certificado hai que instalalo no Microsoft Internet Explorer.</p>

17588 REAL DECRETO 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. («BOE» 223, do 17-9-2003.)

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, que está formado por diferentes instrumentos e accións, sendo o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais o eixe fundamental do sistema.

A citada lei orgánica, no seu artigo 7.2, atribúelle ó Goberno, logo de consulta ó Consello Xeral de Formación Profesional, a determinación da estrutura e o contido do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como a aprobación das cualificacións que proceda incluír neste e a súa permanente actualización.

O catálogo, o réxime básico do cal se define no título I da citada lei orgánica, é o instrumento que ordena sistematicamente as cualificacións identificadas no sistema productivo e establece, mediante un catálogo modular, a formación asociada a aquelas atendendo os requirimentos do emprego. O catálogo determina así o marco para establece-los títulos e os certificados de profesionalidade, que constituirán as ofertas de formación profesional referidas a aquel, así como, para a avaliación, o recoñecemento e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, acreditación que será válida en todo o territorio nacional.

De acordo cos principios e fins que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, lle atribúe ó Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, a finalidade do catálogo é posibilita-la integración das ofertas de formación profesional, adecuándoas ás características e demandas do sistema productivo, promove-la formación ó longo da vida e facilita-la mobilidade dos traballadores, así como a unidade do mercado de traballo. E todo iso, garantindo os niveis básicos de calidade que se derivan da permanente observación e análise do sistema productivo e das demandas da sociedade.

Para o logro destas finalidades, o catálogo debe identificar e defini-las cualificacións profesionais máis significativas que en cada momento requira o sistema productivo, sen que iso supoña regulación do exercicio profesional ou a atribución en exclusiva dunhas determinadas funcións a concretas cualificacións, nin afecte o contido das relacións laborais. Así mesmo, debe establece-los contidos formativos básicos que en cada caso resulten necesarios, co fin de que as ofertas formativas garantan a adquisición das competencias profesionais máis apropiadas para o desempeño profesional.

O catálogo servirá, así mesmo, para facilitar-lles ós interesados información e orientación sobre as oportunidades de aprendizaxe e formación para o emprego, os procedementos de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais, calquera que fose a súa forma de adquisición, así como para establecer ofertas formativas adaptadas a colectivos con necesidades específicas e, en definitiva, para favorece-lo investimento público e privado na cualificación dos cidadáns mediante un proceso de formación permanente.

A estrutura e o contido do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que se establece mediante este real decreto favorecerá a transparencia das cualificacións no contexto internacional e particularmente no europeo. Para iso, ademais dos fins e funcións do catálogo, establécense os distintos compoñentes de cada unha das cualificacións e dos módulos formativos asociados a eles e establécense así mesmo os requisitos de participación, colaboración e consulta que han de seguirse para a elaboración e actualización daquel.

A organización das cualificacións no catálogo realízase por familias profesionais atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional, adoptando o modelo xa coñecido na formación profesional inicial e na formación profesional ocupacional, para organiza-lo actual catálogo de títulos de formación profesional e o repertorio de certificados de profesionalidade, o que facilitará, sen dúbida, a integración e a transparencia, así como o coñecemento e difusión das cualificacións entre os cidadáns; e posibilitará, por outra parte, unha mellor oferta das accións formativas referidas ó catálogo.

Pola súa parte, e de acordo co que se establece na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, as cualificacións profesionais organízanse en niveis, de acordo con criterios relacionados coa competencia profesional requirida en cada un deles e da Unión Europea.

Pola súa vez, as cualificacións do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais estrutúranse en unidades de competencia, entendidas como un agregado de competencias profesionais, que constitúen a unidade mínima susceptible de recoñecemento e acreditación e comprenden tanto as competencias específicas dunha actividade profesional, como aquelas outras determinantes para un adecuado desempeño profesional.

A formación asociada ás cualificacións profesionais, que formará parte do catálogo modular, estrutúrase en módulos formativos que toman como referencia as unidades de competencia e constitúen o agregado mínimo para establece-la formación conducente a títulos e certificados de profesionalidade.

Por último, establécese o procedemento para a elaboración e actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, no que o Instituto Nacional das Cualificacións contará coa participación e colaboración das diferentes administracións públicas e os interlocutores sociais, así como cos sectores productivos correspondentes.

No proceso de elaboración deste real decreto emitiron informe o Consello Xeral de Formación Profesional e o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de setembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto é determina-la estrutura e contido do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado pola Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ten validez e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Natureza do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.*

1. O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais é o instrumento do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional que ordena as cualificacións profesionais, susceptibles de recoñecemento e acreditación, identificadas no sistema productivo en función das competencias apropiadas para o exercicio profesional.

2. O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais inclúe o contido da formación profesional asociada a cada cualificación, de acordo cunha estrutura de módulos formativos articulados nun catálogo modular de formación profesional.

Artigo 3. *Finalidade e funcións do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.*

1. O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ten os seguintes fins:

a) Facilita-la adecuación da formación profesional ós requirimentos do sistema productivo.

b) Promove-la integración, o desenvolvemento e a calidade das ofertas de formación profesional.

c) Facilita-la formación ó longo da vida mediante a acreditación e acumulación de aprendizaxes profesionais adquiridas en diferentes ámbitos.

d) Contribuír á transparencia e unidade do mercado laboral e á mobilidade dos traballadores.

2. Para o logro dos fins indicados no punto anterior, mediante o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais desenvolveranse as seguintes funcións:

a) Identificar, definir e ordena-las cualificacións profesionais e establece-los seus correspondentes contidos formativos. Determina-las ofertas formativas conducentes á obtención de títulos de formación profesional e de certificados de profesionalidade.

b) Avaliar, recoñecer e acredita-las competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou de vías non formais de formación.

c) Así mesmo, o catálogo servirá para facilita-la información e orientación profesional e os procesos de avaliación e mellora da calidade do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e para establecer ofertas formativas adaptadas a colectivos con necesidades específicas.

Artigo 4. *Estructura do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.*

1. O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais está constituído polas cualificacións profesionais máis significativas, identificadas no sistema productivo, ordenadas cos criterios que se establecen neste real decreto. Conterá tamén a formación asociada ás cualificacións profesionais que constituirán o catálogo modular de formación profesional.

2. As cualificacións profesionais que integran o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ordenaranse por niveis de cualificación e por familias profesionais.

3. As familias profesionais nas que se estrutura o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais son as que se indican no anexo I deste real decreto, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional.

4. Os niveis de cualificación profesional son os que se establecen no anexo II atendendo á competencia profesional requirida polas actividades productivas de acordo con criterios de coñecementos, iniciativa, autonomía, responsabilidade e complexidade, entre outros, da actividade que se vai desenvolver.

Artigo 5. *As cualificacións profesionais.*

1. Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Cualificación profesional: o conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular

ou outros tipos de formación, así como a través da experiencia laboral.

b) Unidade de competencia: o agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial, para os efectos previstos no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

c) Competencia profesional: o conxunto de coñecementos e capacidades que permiten o exercicio da actividade profesional conforme as esixencias da produción e o emprego.

2. As cualificacións profesionais que se incorporen ó Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais deberán conter, alomenos, os seguintes elementos, sen que iso constitúa regulación do exercicio profesional:

a) Os datos de identificación da cualificación, nos que figurarán: a denominación oficial, a familia profesional na que se inclúe, o nivel de cualificación e un código alfanumérico.

b) A competencia xeral, que describe de forma abreviada o cometido e funcións esenciais do profesional.

c) As unidades de competencia, que corresponden á cualificación.

d) O contorno profesional, no que se indica, con carácter orientador, o ámbito profesional, os sectores productivos e as ocupacións ou postos de traballo relacionados.

e) A formación asociada, estruturada en módulos formativos.

Artigo 6. *A unidade de competencia.*

A unidade de competencia contén os elementos seguintes:

a) Datos de identificación, nos que figurarán a denominación, o nivel e o código asignado.

b) As realizacións profesionais, entendidas como elementos da competencia que establecen o comportamento esperado da persoa, en forma de consecuencias ou resultados das actividades que realiza.

c) Os criterios de realización, que expresan o nivel aceptable da realización profesional que satisfai os obxectivos das organizacións productivas e constitúe unha guía para a avaliación da competencia profesional.

d) O contexto profesional, que describe, con carácter orientador, os medios de produción, produtos e resultados do traballo, información utilizada ou xerada e cantos elementos de análoga natureza se consideren necesarios para enmarca-la realización profesional.

Artigo 7. *O catálogo modular de formación profesional.*

1. O catálogo modular de formación profesional é o conxunto de módulos formativos asociados ás diferentes unidades de competencia das cualificacións profesionais. Proporciona un referente común para a integración das ofertas de formación profesional que permita a capitalización e o fomento da aprendizaxe ó longo da vida.

2. Mediante o catálogo modular de formación profesional promoverase unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada ós distintos destinatarios de acordo coas súas expectativas de progresión profesional e de desenvolvemento persoal.

Atenderá, así mesmo, ás demandas de formación para a adquisición das competencias requiridas polos sectores productivos e o aumento da competitividade, a través do incremento da cualificación da poboación activa.

Artigo 8. *Os módulos formativos.*

1. Enténdese por módulo formativo o bloque coherente de formación asociado a cada unha das unidades de competencia que configuran a cualificación.

2. O módulo formativo constitúe a unidade mínima de formación profesional acreditable para establecer as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade.

3. Cada módulo formativo terá un formato normalizado que incluíra os datos de identificación e as especificacións da formación.

4. Os datos de identificación incluírán: a denominación, o nivel da cualificación ó que se vincula, un código alfanumérico, a unidade de competencia á que está asociado e a duración da formación expresada en horas.

5. As especificacións da formación expresaranse a través das capacidades e os seus correspondentes criterios de avaliación, así como os contidos que permitan alcanzar as ditas capacidades. Identificaranse, ademais, aquelas capacidades, a adquisición das cales deba ser, se é o caso, considerada nun contorno real de traballo. Constarán tamén os requisitos básicos do contexto da formación, para que esta sexa de calidade.

Artigo 9. *Elaboración e actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e do catálogo modular de formación profesional.*

1. O Goberno, logo de consulta ó Consello Xeral da Formación Profesional, sen prexuízo das competencias que o Consello Escolar do Estado ten atribuídas, segundo os artigos 30 e 32 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, aprobará as cualificacións profesionais que proceda incluír no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como os módulos formativos do catálogo modular de formación profesional.

2. O Instituto Nacional das Cualificacións, de acordo co que se establece no artigo 5.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, é o responsable de elaborar e manter actualizado o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e o catálogo modular de formación profesional, e, para tal efecto, presentará a oportuna proposta ó Consello Xeral de Formación Profesional.

3. Para identificar, elaborar e manter actualizadas as cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e o catálogo modular de formación profesional, estableceranse os procedementos de colaboración e consulta coas diferentes comunidades autónomas e as demais administracións públicas competentes, así como cos interlocutores sociais e cos sectores productivos, tendo en conta, se é o caso, aquelas iniciativas conxuntas que resulten significativas desde unha perspectiva sectorial.

4. O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e o catálogo modular de formación profesional manteranse permanentemente actualizados mediante a súa revisión periódica que, en todo caso, deberá efectuarse nun prazo non superior cinco anos a partir da data de inclusión da cualificación no catálogo.

Disposición adicional única. *Actualización das familias profesionais.*

En atención á evolución das necesidades do sistema productivo e das demandas sociais, o Goberno poderá modificar as familias profesionais que se relacionan no anexo I.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e habilitación.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias que lle atribúe ó Estado o artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución e ó abeiro da disposición derradeira primeira.2 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e da habilitación que lle confire ó Goberno o artigo 7.2 e a disposición derradeira terceira da citada Lei orgánica 5/2002.

Disposición derradeira segunda. *Normas de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las normas de desenvolvemento deste real decreto no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 5 de setembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

ANEXO I

Familias profesionais

Agraria.
Marítimo-pesqueira.
Industrias alimentarias.
Química.
Imaxe persoal.
Sanidade.
Seguridade e ambiente.
Fabricación mecánica.
Instalación e mantemento.
Electricidade e electrónica.
Enerxía e auga.
Transporte e mantemento de vehículos.
Industrias extractivas.
Edificación e obra civil.
Vidro e cerámica.
Madeira, moble e cortiza.
Téxtil, confección e pel.
Artes gráficas.
Imaxe e son.
Informática e comunicacións.
Administración e xestión.
Comercio e márketing.
Servicios socioculturais e á comunidade.
Hostalería e turismo.
Actividades físicas e deportivas.
Artesanías.

ANEXO II

Niveis de cualificación

Nivel 1: competencia nun conxunto reducido de actividades de traballo relativamente simples correspondentes a procesos normalizados, sendo os coñecementos teóricos e as capacidades prácticas que se van aplicar limitados.

Nivel 2: competencia nun conxunto de actividades profesionais ben determinadas coa capacidade de utilizarlos instrumentos e técnicas propias, que concirne principalmente a un traballo de execución que pode ser autónomo no límite das ditas técnicas. Require coñecementos dos fundamentos técnicos e científicos da súa actividade e capacidades de comprensión e aplicación do proceso.

Nivel 3: competencia nun conxunto de actividades profesionais que requiren o dominio de diversas técnicas e pode ser executado de forma autónoma, comporta responsabilidade de coordinación e supervisión de traballo técnico e especializado. Esixe a comprensión dos fundamentos técnicos e científicos das actividades e a avaliación dos factores do proceso e das súas repercusións económicas.

Nivel 4: competencia nun amplo conxunto de actividades profesionais complexas realizadas nunha gran variedade de contextos que requiren conxugar variables de tipo técnico, científico, económico ou organizativo para planificar accións, definir ou desenvolver proxectos, procesos, produtos ou servizos.

Nivel 5: competencia nun amplo conxunto de actividades profesionais de gran complexidade realizados en diversos contextos a miúdo impredecibles que implica planificar accións ou idear produtos, procesos ou servizos. Grande autonomía persoal. Responsabilidade frecuente na asignación de recursos, na análise, diagnóstico, deseño, planificación, execución e avaliación.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

17643 *REAL DECRETO 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.* («BOE» 224, do 18-9-2003.)

Entre as medidas encamiñadas á construción do espazo europeo de educación superior encóntrase o establecemento do sistema europeo de transferencia de créditos (ECTS) nas titulacións oficiais de grao e de posgra. Este sistema xeneralizouse a partir dos programas de mobilidade de estudantes Sócrates-Erasmus, facilitando as equivalencias e o recoñecemento de estudos realizados noutros países. Así mesmo, a súa implantación foi recomendada nas sucesivas declaracións de Boloña (1999) e Praga (2001).

O sistema europeo de créditos está xa implantado nunha gran maioría dos estados membros e asociados á Unión Europea e constitúe un punto de referencia básico para logra-la transparencia e harmonización das súas ensinanzas. A adopción deste sistema constitúe unha reformulación conceptual da organización do currículo da educación superior mediante a súa adaptación ós novos modelos de formación centrados no traballo do estudante. Esta medida do haber académico comporta un novo modelo educativo que deberá orientarlas programacións e as metodoloxías docentes centrando na aprendizaxe dos estudantes, non exclusivamente nas horas lectivas.

O sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos ofrece, así mesmo, os instrumentos necesarios para comprender e comparar facilmente os distintos sistemas educativos, facilita-lo recoñecemento das